

CAMARADA,
ESTO NO ES UN LIBRO
EL QUE LO TOCA,
TOCA A UN HOMBRE
¿ES DE NOCHE?
¿ESTAMOS SOLOS LOS DOS?
ME TIENES A MÍ
Y YO TE TENGO,
ME SUJETAS Y TE SUJETO,
SALTO DESDE LAS PÁGINAS
A TUS BRAZOS.


WALT WITHMAN

UN LIBRO DEBE SER
EL HACHA QUE QUIEBRE
EL MAR HELADO
DENTRO DE NOSOTROS.
ESO ES LO QUE CREO.

FRANZ KAFKA

BIEN Y LEALMENTE DEBEN
LOS MAESTROS MOSTRAR
SUS SABERES Á LOS
ESCOLARES LEYÉNDOLES
LOS LIBROS Y FACIÉNDOGELOS
ENTENDER LO MEJOR QUE
ELLOS PUDIEREN:
ET DESQUE COMENZAREN
A LEER DEBEN CONTINUAR
EL ESTUDIO TODAVÍA FASTA
QUE HAYAN ACABADO LOS
LIBROS QUE COMENZARON,
ET EN CUANTO FUEREN SANOS
NON DEBEN MANDAR Á OTROS
QUE LEAN EN SU LOGAR DELLOS,
FUERAS ENDE SI ALGUNO DELLOS
MANDASE Á OTRO LEER ALGUNA
VEZ POR FACERLE HONRA
ET NON POR RAZON DE SE EXCUSAR
E DEL TRABAJO DE LEER.

ALFONSO X O SABIO



PROXECTO LECTOR

ÍNDICE

1. Marco legal
2. Situación de partida en relación coa integración no currículo, o papel da biblioteca, as familias e o alumnado
3. Obxectivos: modificación progresiva das inercias que dificultan a creación dunha atmosfera favorable á lectura
 - A. Entre o profesorado
 - B. Entre o alumnado
 - C. Nas familias
4. Responsables e actuacións
 - 1 Nivel institucional
 - 2 Nivel académico
 - 3 Nivel individual
5. Destinatarios
 - 1 Alumnado
 - 2 Profesorado
 - 3 Familias
6. Contidos
 - 1 Código de boas prácticas
 - 2 Acordos tomados en CCP en relación coa mellora da expresión escrita do alumnado
 - 3 Liñas de actuación da Biblioteca
 - 4 Contribución dos Departamentos
7. Prazos de execución e revisión
8. Avaliación: criterios e instrumentos

1. MARCO LEGAL

Ao considerar a formación lectora unha dimensión fundamental da educación, a LOE (2/2006 de 3 de maio) postula que se debe prestar atención á mesma en todas as materias e no artigo 26 da mesma di, referíndose á ESO:

- *“en esta etapa se prestará una atención especial a la adquisición y el desarrollo de las competencias básicas y se fomentará la correcta expresión oral y escrita y el uso de las matemáticas. A fin de promover el hábito de la lectura se dedicará un tiempo a la misma en la práctica docente de todas las materias”.*

Concretando a LOE, o Decreto 133/2007 define e regula o PROXECTO LECTOR DE CENTRO como un documento, integrado no PEC, que recolle todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas, que ten carácter global e constitúe o referente para

- a elaboración dos PLANS ANUAIS DE LECTURA *“que se incluirán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados, preferentemente, pola persoa responsable da biblioteca escolar”*
- as programacións das diversas materias, xa que *“o profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluirá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura”.*

IMPLICACIÓNS:

- **A LECTURA É RESPONSABILIDADE DE TODO O COLECTIVO DOCENTE** e non só do profesorado da área de linguas.
- Na elaboración do Proxecto Lector **DEBE PARTICIPAR TODO O PROFESORADO.**
- **O CENTRO GARANTIRÁ O FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA** como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe e que se erixa como elemento dinamizador da actividade educativa e da vida cultural.

NO PROXECTO LECTOR INCLUIRANSE:

- As liñas de actuación da biblioteca en materia de organización e xestión, animación, dinamización, formación de usuarios e planeamento da actividade semanal “HORA DE LECTURA”.
- As liñas xerais das programacións didácticas de cada materia en relación coa lectura e a formación documental

O PROXECTO LECTOR SERÁ TIDO EN CONTA PARA A ELABORACIÓN DOS SEGUINTES DOCUMENTOS:

- Plan anual de lectura, integrado na Programación anual do Centro
- Proxecto de Biblioteca (anual)
- Proxecto TIC
- Plan de Acción Tutorial
- Programacións dos Departamentos didácticos.
- Plan de actividades extraescolares

2. SITUACIÓN DE PARTIDA

Polo que toca ao noso IES téñense producido notables avances en relación coa situación que se vivía con anterioridade á nosa inclusión no PLAMBE. Existía, iso si, unha sensibilidade entre o profesorado en relación coas necesidades e carencias de expresión e comprensión do alumnado. Constatáronse, daquela, dúas carencias: o alumnado lía moi pouco e a expresión e a lectura son asunto de todos. En consecuencia, o profesorado dotouse, a través da CCP, dun documento vinculante en relación co tratamento na avaliación das faltas de expresión, que aínda segue vixente.

Ao longo do curso 2005-2006 iniciáronse ademais os traballos tendentes a revitalizar a biblioteca. Un grupo de traballo elaborou un protocolo de actuación para mellorar o seu funcionamento, dentro do marco das actividades do Plan de Mellora Continua que se desenvolveron entre 2003 e 2006. Os resultados deste protocolo plásmanse nun traballo de reflexión e programación de actuacións futuras cun certo grao de consenso e que tivo, como consecuencia inmediata, a asunción polo Equipo Directivo da necesidade de establecer, dentro do horario xeral do Centro, un horario de atención á biblioteca e a designación dun profesor encargado da mesma desde o curso 2005-2006.

Durante o curso 2005-2006, contamos xa cun Plan de Mellora e Dinamización da Biblioteca Escolar que se presentou ante a CCP na primeira sesión. O Plan orientábase á procura de melloras necesarias, significativas e urxentes en diversos planos de actuación:

- Constituíuse un equipo de profesorado estable para a atención á biblioteca que permitiu incluír a nosa biblioteca no PLAMBE desde o curso 2005-2006.
- Acometéronse os traballos de mellora do proceso técnico (formación do persoal, determinación, organización e equilibrio do fondo, plan de catalogación, política de préstamos e adquisicións...)
- Realizáronse melloras en relación co espazo físico (iluminación, sinalización, acondicionamento de diferentes áreas de lectura e consulta informática...)
- Incluíuse unha partida orzamentaria específica para a biblioteca

- Procurouse a participación do profesorado no Plan de Dinamización da Biblioteca que se presentou como un proxecto a desenvolver a medio prazo
- Implantouse a actividade “HORA DE LECTURA” na ESO, aproveitando a “hora 33” de permanencia do alumnado no centro
- Deseñouse un esquema para a celebración de eventos culturais como pretexto para a animación á lectura e para mellorar a formación lectora e documental: Dereitos Humanos, Día da Paz, Día da Muller, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día do Teatro... Cada campaña inclúe un amplo abano de actividades nas que se procura a diversidade e a participación: exposicións, conferencias, concursos, lecturas continuadas, recitais, obradoiros de creación literaria, proxección de películas, etc.
- Programouse un proxecto de información e difusión dos fondos que inclúe a edición de materiais para dinamizar fondos, tanto de textos literarios como fílmicos:
 - antoloxías de xénero “Cadernos para ler e ver”.
 - folletos con recomendacións de lectura previas aos períodos vacacionais.
 - edición de materiais de produción propia: revista “O Poleiro”, cadernos de adaptación da literatura clásica “Textos do Poleiro”, cartaces de campañas...
 - Creación dun equipo de auxiliares da biblioteca entre o alumnado.

Á altura do curso 2013/2014 o PLAMBE continúa e as melloras consolidáronse. O equipo de biblioteca é máis estable e especializado, aínda que non máis numeroso ou con maior dedicación horaria.

As tarefas derivadas do proceso técnico son xa un aspecto rutinario do noso traballo, máis centrado agora nas actividades de dinamización. Os programas coordinados desde a Biblioteca “Hora de Lectura” e “Club de Lectura” evolucionaron coa especialización e/ou implicación do profesorado que os dirixe; en canto ás campañas, prescindimos cada vez máis do calendario conxuntural marcado polos “días de...” e camiñamos no sentido de centralas en torno a un tema-eixo que nos permite divulgar distintos tipos de fondos sen que se abandone nin o criterio de calidade na selección dos materiais, nin o da idoneidade no das recomendacións, que seguimos dando a coñecer a través dos diversos medios que temos ao noso dispór e, cada vez máis, a través de Facebook e o blog.

Algúns Departamentos e persoas a título individual acolleron as fórmulas de implicación do profesorado no Plan de Dinamización da biblioteca participando co seu asesoramento na elaboración das actividades programadas e comprometéndose a incluír nas súas programacións os obxectivos do PLAMBE e a colaborar tanto no deseño das actividades de animación da Biblioteca como na divulgación das mesmas, estimulando a participación do alumnado.

Víña o noso paí e preguntaba:
-¿Que fas?

E nós, se cadra con certo temor:
-Mirar os santos.

Alí estaban. Aquelas fermosas ilustracións que nos
iluminaban a cotianidade coa súa maxía.

Porque hai libros de ver e libros de ler,
ou de ver e ler a un tempo.

Xavier Seoane

Na actualidade colaboran, de xeito habitual, os departamentos de Lingua e Literatura Española e Galega, Inglés, Francés, Filosofía, Deseño, Clásicas, EOI, Equipo de Normalización Lingüística, Música, Plástica, Contratos Programa... Tal vez sexan as materias de ciencias a nosa particular “asignatura pendente”.

Son puntos fracos do proceso anterior ou asuntos pendentes de resolución:

1. Incrementar o horario de apertura e atención á biblioteca.
2. Aumentar a participación do profesorado no equipo de biblioteca, hoxe composto por tres persoas.
3. Completar o rexistro e clasificación dos materiais espaxados por departamentos e aulas específicas.
4. Afondar no obxectivo de integración no currículo que é no que no que os avances teñen sido menos significativos, pois moitos departamentos non ofreceron as súas fórmulas de participación no Proxecto Lector e na práctica cotiá pesan as inercias que obstaculizan o cambio metodolóxico necesario.
5. Reformular a HORA DE LECTURA.
6. Implicar ás familias no apoio á lectura, pois o interese das mesmas céntrase en aspectos organizativos, disciplinarios ou relacionados coa acción tutorial, sendo escasa a reflexión sobre o seu propio papel na educación.
7. Desfacer o vínculo negativo entre libros, bibliotecas e mundo académico, que leva a parte do alumnado a rexeitar a lectura.

Puntos fracos na actualidade seguen a ser, fundamentalmente:

- A integración da lectura en todos os currículos.
- Mellorar a participación das familias.

3. OBXECTIVOS

SITUAR A FORMACIÓN LECTORA E AS
COMPETENCIAS INFORMACIONAIS E DE
COMUNICACIÓN COMO CENTRO DA EDUCACIÓN

A) ENTRE O PROFESORADO

Bien y lealmente deben los maestros mostrar sus saberes á los escolares leyéndoles los libros y faciéndogelos entender lo mejor que ellos pudieren: et desque comenzaren a leer deben continuar el estudio todavía fasta que hayan acabado los libros que comenzaron, et en cuanto fueren sanos non deben mandar á otros que lean en su logar dellos, fueras ende sí alguno dellos mandase á otro leer alguna vez por facerle honra et non por razon de se excusar e del trabajo de leer.

Alfonso X o Sabio

- Desterrar as inercias que impiden que se afronten as dificultades derivadas das carencias na formación lectora. Se o alumnado na súa maioría non consegue acadar as competencias básicas, de pouco serve impartir o cen por cen da programación.
- Crear foros de reflexión sobre fórmulas que incentiven no alumnado o interese pola lectura (nos Departamentos, na CCP, no claustro).
- Establecer con claridade o nivel de lectura ao que pretendemos chegar en cada curso, definindo o tipo de tarefas relacionadas co tratamento da información e o seu grao de complexidade.
- Definir criterios e instrumentos para medir os avances na competencia lectora en cada materia e en cada aula.

- Comprometerse a non recomendar ou traballar lecturas que non se correspondan cun nivel medio de comprensión.
- Transmitir o pracer da lectura compartíndoo co alumnado, para procurar desfacer o binomio “lectura-tarefa escolar” que ten tan mala prensa, ofrecendo o alternativo “lectura-construción da persoa”.
- Prestixiar a biblioteca, sen utilizala como sala de castigo ou almacén de alumnos desocupados os días en que as gardas se presentan complicadas.
- Colaborar na educación documental ofrecendo ao alumnado pautas de procura, selección e tratamento da información cada vez que se lle propoña un traballo de investigación.
- Permitir e propiciar na aula o intercambio de experiencias lectoras comentando artigos de xornal ou revistas especializadas e sitios web relacionados con determinados contidos, promovendo o debate sobre determinados libros, discos ou películas...
- Non penalizar as preferencias lectoras do alumnado, ningún dos seus tipos e formatos, mesmo cando o seu carácter nos pareza inicialmente pouco formativo. O noso labor é consolidar o seu interese e abrirlle progresivamente outros horizontes.
- Incentivar a creación de todo tipo de textos por parte do alumnado.

Temos que mellorar:

- Na definición dos criterios de avaliación do Plan Lector: en que grado mellora as competencias básicas?
- Na transmisión da idea de LECTURA COMO PRACER.
- Na forma de educar para a busca de información. Estamos elaborando materiais que poidan servir de guía ao alumnado e de referencia ao profesorado.

B) ENTRE O ALUMNADO

He soñado a veces que cuando amanezca el día del juicio, y los grandes conquistadores y abogados y juristas y gobernantes se acerquen para recibir su recompensa, el todopoderoso, al vernos llegar con nuestros libros bajo el brazo, se volverá hacia Pedro y dirá, no sin cierta envidia: "Míralos; esos no necesitan recompensa. No tenemos nada que darles. Les gustaba leer".

Virginia Woolf

- Romper coas actitudes negativas cara os libros e as actividades relacionadas coa lectura.
- Recoñecer na lectura algo máis que unha ferramenta académica para que a aventura dos libros non remate ao saír da escola.
- Ensinarlles a moverse na biblioteca, a localizar os libros aproveitando as actividades de formación de usuarios e a interiorizar o sistema de clasificación CDU.
- Recoñecer tanto a necesidade como a utilidade de saber enfrontarse coa competencia adecuada aos textos: procurar a información, seleccionala, analizala e reflectir criticamente e emitir opinión sobre a mesma.
- Ser activos na web, non aceptar pasivamente unha marea de información indiscriminada ata naufragar nela, aprender a ser selectivos, discernindo as informacións fiábeis das que non o son.
- Mostrar unha actitude aberta que facilite a incursión en diversos tipos de textos, formatos e xéneros á procura das súas propias preferencias lectoras, que deben saber ir recoñecendo para definir o seu perfil lector.
- Respetar o dereito dos outros á lectura en silencio.
- Liberarse dos pudores da lectura: falar, recomendar, prestar libros, música, cine...
- Pedir aclaracións aos profesores cos textos máis complexos.

- Ser capaz de suxerir textos aos profesores (novelas, cine, artigos de xornal)
- Interesarse polos eventos culturais académicos e extraacadémicos que se produzan no ámbito local.
- Participar en actividades como o teatro escolar, a revista do equipo de normalización, o equipo auxiliar de biblioteca ou as campañas de animación á lectura.

Aínda que, seguramente, imos mellorando, a idea de LER POR OBRIGACIÓN segue pesando en parte do alumnado. Este aspecto, xunto coa escasa participación activa, as dificultades no tratamento da información e a formación como usuarios, son obxectivos sen completar.

C) NAS FAMILIAS

-Mí hño irá a la escuela- díjo, y los vecínos callaron.
-Mí hño leerá y abrirá los libros, y escribirá y escribirá bien.
Y mí hño hará números, y eso nos hará libres
porque él sabrá... él sabrá y por él sabremos nosotros.

Steinbeck "La perla"

- Recoñecer a importancia da lectura para o desenvolvemento e a formación académica dos alumnos, comprendendo que un bo nivel de lectura está normalmente aparelado ao éxito e as dificultades neste aspecto asóciáanse co fracaso escolar.
- Valorar a lectura, apoiando as iniciativas e as preferencias lectoras dos fillos (nunca recriminalos por ler, aínda que sexan cómics ou libros non académicos)
- Interesarse polas lecturas que realizan os fillos, a súa temática, complexidade, grao de satisfacción para eles...
- Participar nas actividades de fomento da lectura que se programen desde o centro.
- Pedir información ás titorías sobre a evolución dos seus fillos nesta materia e contrastar cos rapaces os datos que se recollan.
- Nos casos en que existan problemas graves en relación coa formación lectora, apoiar os esforzos dos fillos por mellorar.
- Colaborar cunha actitude positiva co profesorado (pedirlle aos fillos que lean en voz alta, rogarlles que fagan un esforzo para explicar coas súas propias palabras o que din os textos e non obrigar aos rapaces a facer aprendizaxes memorísticas...)

A mellorar ou sen conseguir:

- Participación nas actividades do centro.
- Valoración da lectura e das preferencias lectoras.

4. RESPONSABLES E ACTUACIÓNS

A formación lectora non é un simple obxectivo pedagóxico: é un dos vectores básicos da acción educativa. En torno a ela xiran as habilidades comunicativas e informacionais, pois saber ler implica saber comprender, saber aprender, saber informarse e é camiño para saber gozar do propio feito da lectura e para saber opinar. Por esa razón debería funcionar como un dos eixes principais da práctica docente global e o centro educativo, a través dos seus órganos de coordinación, ten que definir a estratexia para melloralas.

A integración da formación lectora no currículo supón a fase final dun longo proceso de análise, reflexión e toma de decisións en varias fronteiras:

1. No nivel institucional, a través da política pedagóxica, que se permeabilizará en toda a vida do centro:

a. DESDE O EQUIPO DIRECTIVO DEBE GARANTIRSE:

- unha organización de horarios que favoreza a atención á biblioteca.
- o apoio á Hora de Lectura e os medios e recursos organizativos necesarios.
- un tempo para a reflexión e a discusión nos foros que correspondan (CCP, departamentos, claustro, consello escolar...)
- o cumprimento dos acordos tomados neses foros.
- o orzamento anual para a biblioteca.
- o apoio ás actividades de animación á lectura deseñadas desde a biblioteca ou desde calquera outro ámbito do centro.

b. DESDE A BIBLIOTECA DEBE ELABORARSE un plan anual de mellora que contemple os seguintes vectores de actuación:

- Organización e xestión: rexistro, clasificación, expurgo, adquisicións.
- Animación: campañas de fomento da lectura e animación cultural (conferencias, proxeccións, recitais, obradoiros...), edición de materiais de produción propia (folletos, cartelería, exposicións, literatura gris...)
- Dinamización: actividades para propiciar a integración da lectura e o uso da biblioteca no currículo, en colaboración con departamentos, titorías, Equipo de Normalización Lingüística, grupos de traballo...
- Formación de usuarios.
- Coordinación e avaliación da Hora de Lectura.

c. DESDE A CCP DEBE PROSEGUIR:

- a reflexión e discusión sobre os horizontes, as estratexias, os medios e os prazos dun plan de acción común para fomentar a calidade e gusto pola lectura do noso alumnado, é dicir, a avaliación e mellora deste Proxecto Lector e dos Plans anuais de lectura.
- a valoración e mellora do documento de mínimos que vinculará a todo o profesorado.

d. DESDE AS TIC DEBE ASEGURARSE a presenza de contidos de formación documental.

e. DESDE AS TITORÍAS E O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

- Deben aproveitarse recursos textuais (cine, literatura, letras de cancións) para presentar os diversos temas a traballar no ámbito do PAT.
- Daranse pautas para a mellora das competencias informacionais (procura, selección e organización da información)
- Deben encargarse nas actividades de formación de usuarios da biblioteca.

2. No nivel académico, por parte dos departamentos didácticos, participárase:

- a. Coa reflexión pedagóxica e metodolóxica sobre as posibilidades reais e efectivas que cada un ten de coadxuvar a crear espazos propicios para a lectura, o reforzo da comprensividade e a creación e consolidación de hábitos de lectura.
- b. Coa inclusión nas programacións das competencias básicas informacionais e comunicacionais.
- c. Coa participación no proxecto da biblioteca.
- d. Dando concreción á integración da formación lectora no currículo ao decidir:
 - o tratamento que darán á lectura nas diversas materias (con concreción de tempos dedicados á mesma en cada nivel e criterios e instrumentos de avaliación)
 - se van propiciar unha aprendizaxe baseada en proxectos de investigación.
 - os itinerarios lectores que se tracen e o seu carácter obrigatorio ou opcional, axudando a configurar xunto, co Plan de Biblioteca, o Plan anual de lectura.

3. No nivel individual, por parte de todo o profesorado, participárase:

- a. Coa asunción do protocolo de boas prácticas en relación coa formación lectora e a aplicación no seu labor docente cotián.
- b. Coa participación a título persoal en actividades de animación á lectura organizadas desde diversos ámbitos: biblioteca, actividades extraescolares, departamentos didácticos, Orientación...
- c. Coa posta en práctica no ensino real das directrices trazadas nos ámbitos anteriores. Da súa sensibilidade dependen:
 - o achegamento á lectura.
 - a interacción coa experiencia lectora previa do alumnado,
 - a percepción sobre a utilidade da lectura por parte do alumnado.

*Sí yo supiera contaros una buena historia, os la contaría.
Como no sé, voy a hablaros de las mejores historias
que me han contado.*

Fernando Savater

5. DESTINATARIOS

1. O ALUMNADO é o destinatario primordial do Proxecto Lector, que ten dúas finalidades:
 - a. FORMAR LECTORES
 - competentes, é dicir, que sexan capaces de decodificar calquera tipo de texto e interpretar a súa intención, extraer informacións contextuais e producir opinións sobre o mesmo.
 - autónomos: capaces non só de ler o que se lle ofrece, senón de procurar con total independencia a información, diferenciar tipos de fontes bibliográficas e as súas implicacións e tomar decisións en función das súas preferencias individuais.
 - polivalentes: con capacidade para enfrontarse a diversos tipos de textos (didácticos, informativos, de ficción ou creación literaria, xornalísticos, ensaísticos, gráficos, estatísticos, administrativos, xurídicos...) e en diversos formatos: libro, CDRom, vídeo, Internet...
 - b. FORMAR INDIVIDUOS ao desenvolver as competencias básicas en comunicación lingüística, tratamento da información, competencia dixital, competencia social e cidadá, cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.
2. O PROFESORADO, que é o responsable da execución dos seus obxectivos. O Proxecto Lector serve de marco á súa acción educativa e de referente fundamental canto aos obxectivos, prazos e acordos en materia de fomento da lectura.
3. AS FAMILIAS, que atoparán no Proxecto Lector o documento no que se reflicte o conxunto de medidas tendentes a mellorar e estimular a lectura, a comprensión e a expresión entre os seus fillos.

6. CONTIDOS

(...) lo que en último término importa no es sólo llegar a traducir los signos escritos, sino despertar el amor a la lectura, llevando libros a las gentes, a aquellas que ahora no van ni irán a la escuela, y haciéndoles con la lectura en alta voz, como hacen las Misiones, gustar las placeres que los libros encierran.

*"Memoria del Patronato de Misiones Pedagógicas"
1931-1933*

CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS

elaborado co acordo da CCP e vinculante para todo o profesorado.

ACORDOS

EN RELACIÓN COA MELLORA DA EXPRESIÓN ESCRITA DO ALUMNADO tomados na CCP.

LIÑAS PRIORITARIAS

DE ACTUACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR para cada curso, actualizables no Plan anual de lectura.

CONTRIBUCIÓN DOS DEPARTAMENTOS,
incluídas nas respectivas programacións e
no Plan anual de lectura.

1. CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS, elaborado co acordo da CCP e vinculante para todo o profesorado, que significa:

- A. Asunción do seguinte protocolo en relación coa lectura na aula:
- seleccionar as lecturas procurando que sexan adecuadas ao nivel de comprensión do seu alumnado.
 - analizar co alumnado os textos propostos.
 - verificar a comprensión deses textos.
 - traballar na determinación da idea principal e das secundarias.
 - realizar esquemas ou outro tipo de textos de redución.
 - fomentar a dedución dos significados polo contexto.
 - revisar o vocabulario e fomentar o uso dos dicionarios das aulas.
 - practicar a lectura en voz alta por parte do alumnado.
 - realizar lecturas en voz alta por parte do profesorado, dando pautas de fluidez, entoación e expresividade.
 - estimular as lecturas individuais na casa.
 - promover lecturas compartidas na aula.
 - detectar as dificultades de lectura máis graves para poñelas en coñecemento dos titores, da familia e da xunta de avaliación.
 - dar pautas para unha correcta e completa interpretación de textos visuais.

- B. Actuación sobre hábitos de lectura, participando desde os departamentos que así o desexen nas actividades de dinamización e formación de usuarios da biblioteca.
- C. Compromiso dos departamentos didácticos no tratamento da formación lectora no ámbito das materias respectivas, segundo o modelo que se inserta en 6.2.
- D. Inclusión no PAT de actividades de formación documental, de coñecemento da biblioteca e de animación á lectura, en función do que programe a biblioteca nos seus plans anuais.
- E. Compromiso do centro no ámbito da colaboración coas familias no marco do proxecto anual da biblioteca, especialmente no relativo á información sobre itinerarios lectores e fondos dispoñibles.
- F. Compromiso do centro para o mantemento da “Hora de Lectura” como vía de implicación no currículo no marco do proxecto anual da biblioteca.
- G. Confección e revisión do Plan anual de lectura.

2. ACORDOS tomados na CCP EN RELACIÓN COA MELLORA DA EXPRESIÓN ESCRITA DO ALUMNADO

Documento

“CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS ERROS DE EXPRESIÓN PARA AS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS DE TODOS OS DEPARTAMENTOS”

A Comisión de Coordinación Pedagóxica, na súa sesión de xaneiro de 2004, traballando sobre propostas dos departamentos de Grego, Lingua Castelá e Lingua Galega, acordou establecer uns criterios de avaliación da expresión escrita baseados nestas liñas xerais:

- 1. Establecemento duns topes máximos de desconto nas cualificacións, que suman 2 puntos, dentro dos que se moverá cada profesor ao corrixir exames ou exercicios. Trátase de evitar molestas operacións de cálculo e de facer posible que cada departamento adapte estes criterios ás peculiaridades das súas materias.*
- 2. Valoración diferenciada de tres aspectos:*

<i>PRESENTACIÓN</i>	<i>ORTOGRAFÍA</i>	<i>REDACCIÓN</i>
<i>ata 0'5 puntos</i>	<i>ata 0'75 puntos</i>	<i>ata 0'75 puntos</i>

RELACIÓN DE ERROS

ERROS DE PRESENTACIÓN

- ▶ *Caligrafía deficiente e mesmo ilexible.*
- ▶ *Desprezo das convención gráficas (marxes, sangrías...)*
- ▶ *Modificación da tipografía sen xustificación ningunha ao longo dun texto (mesturar maiúsculas e minúsculas arbitrariamente, escribir con “letras de imprenta” sen que veña a conto ou deitar a letra a un e outro lado coa única finalidade de marear a quen está a corrixir).*
- ▶ *Emendas e tachaduras moi escandalosas.*
- ▶ *Deseños que non se requiran nos cuestionarios dos exames e exercicios e rotulación impertinente (subliñados innecesarios, recadros, círculos e frechas que configuran códigos visuais*

exclusivos dos seus usuarios e que terían cabida nun caderno de apuntamentos persoais, pero que sobran en exames e exercicios).

ERROS DE PUNTUACIÓN E ORTOGRAFÍA

- ▶ *Non establecer correctamente as fronteiras entre párrafos (punto e aparte).*
- ▶ *Non saber onde remata unha oración e onde comeza outra (punto e seguido).*
- ▶ *Emprego incorrecto de maiúsculas e minúsculas (por exemplo: grafar con maiúscula os xentilicios cando a lingua do texto non o esixe).*
- ▶ *Erros ortográficos.*

ERROS DE REDACCIÓN

A) QUE AFECTAN AO EMPREGO DO LÉXICO:

- ▶ *Reiteración de palabras cando sería imprescindible a utilización de sinónimos. Inadecuación dos termos escollidos ao tipo de texto (abuso de coloquialismos e introdución de vulgarismos).*
- ▶ *Ambigüidade ou imprecisión do léxico empregado.*
- ▶ *Emprego de creacións idiomáticas xurdidas do descoñecemento das solucións propias de cada lingua (sufixacións inadecuadas).*
- ▶ *Interferencias entre as linguas da comunidade (castrapismos no castelán, castelanismos no galego).*

B) QUE AFECTAN AO NIVEL SINTÁCTICO

- ▶ *Anacolutos (frases inacabadas).*
- ▶ *Erros de concordancia.*
- ▶ *Erros de correlación temporal.*
- ▶ *Erros na escolla do réxime verbal.*
- ▶ *Erros na colocación dos elementos na oración.*

C) QUE AFECTAN Á ESTRUCTURA DOS TEXTOS:

- ▶ *Inadecuada disposición das unidades do texto por confusión na xerarquización das ideas (presenza de digresións ou reiteracións, priorización do anecdótico sobre o esencial...).*
- ▶ *Erros de cohesión textual (redaccións nas que as partes se presentan mal enfiadas ou inconexas).*

3. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR para cada curso:

1. **ORGANIZACIÓN E XESTIÓN**, en relación con:

- O horario de atención na biblioteca e o número de membros colaboradores no equipo.
- A participación do alumnado no equipo de auxiliares de biblioteca.
- Os traballos de rexistro e clasificación dos fondos de departamentos, aulas e biblioteca.
- Sinalización nos andeis da literatura infantil e xuvenil con marcadores que indiquen a súa complexidade e a adecuación aos diversos niveis de lectura.

2 **DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS:**

- Realización de campañas de animación previas aos períodos de vacacións, con suxestións de lectura, carteis de animación, información ás aulas e aos titores.
- Organización e celebración de eventos de alcance cultural: Semana do Libro, Día da Poesía, Día do Teatro, Semana das Letras Galegas, Paz , Dereitos Humanos, Medio ambiente, Muller... previa implicación dos departamentos que integran nos seus currículos o tratamento destas materias e de acordo co Plan anual de lectura. O programa de actividades dependerá en cada caso dun deseño coordinado co profesorado que estea disposto a participar. A biblioteca achegará como punto de partida a estrutura da campaña de animación, xa establecida en ocasións anteriores:
 - Información sobre a actividade: cartelería, dípticos anunciadores...

- Instalacións na biblioteca: decoración do espazo para animar á lectura, remoción dos fondos que se queren dinamizar...
- Elaboración de propostas de actividades que supoñan o emprego dos recursos da biblioteca por parte do alumnado desde e para as aulas e envío das mesmas aos departamentos que se queiran implicar.
- Organización dalgún acto central relacionado coa materia: visionado de película, conferencia, recital, coloquio, exposición...
- Mantemento da colaboración co EDNL do centro e coa revista que edita “O Poleiro”.

3 EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN.

- Actividades de familiarización do alumnado coa biblioteca (especialmente o de 1º de ESO, para os que tanto a biblioteca coma o propio centro constitúen un novo mundo) que se desenvolverán ao longo do primeiro trimestre en colaboración coas correspondentes titorías; estas actividades comprenden:
 - a presentación do espazo e os recursos.
 - a información sobre as normas de uso.
 - unha práctica de localización de fondos e do sistema de clasificación dos mesmos (CDU) botando man da actividade “101 libros na biblioteca” ou das que se deseñen no futuro para o mesmo fin.
 - Unha actividade de busca de información en Internet como práctica de educación documental.
- Redacción, en colaboración coas titorías e o Departamento de Orientación, dunha serie de actividades relacionadas coas destrezas de recuperación e tratamento da información para incluír no PAT.

4 EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.

- Coordinación das reunións e tarefas relativas á elaboración e/ou actualización do Plan anual de lectura.
- Criterios para o desenvolvemento da HORA DE LECTURA e revisión anual do seu deseño conforme a parámetros dunha maior eficacia.
- Información e concienciación entre o profesorado sobre a necesidade dun cambio metodolóxico que integre a formación lectora como eixo da acción educativa e a biblioteca como elemento centralizador desa acción.
- Información por escrito aos pais sobre o Plan anual de lectura, procurando que estes sexan conscientes da dimensión que se dá á formación lectora tanto no que toca aos currículos particulares das materias como no relativo á avaliación.
- Integración das familias nas actividades de dinamización da lectura sempre que for posible polo carácter da actividade.

4. CONTRIBUCIÓN DOS DEPARTAMENTOS

Os departamentos achegarán a información requirida no seguinte modelo, que pasará a formar parte do Plan anual de lectura e das programacións respectivas:

O PLAN DE LECTURA NO DEPARTAMENTO DE _____

DEDICACIÓN Á LECTURA NA AULA

TEMPORALIZACIÓN

Que tempo diario ou semanal se reservará para a lectura na aula; ter en conta o número de clases semanais.

CARÁCTER DAS LECTURAS

Que tipo de textos se van ler (libre, recomendado ou obrigatorio; relacionados coa materia ou de ficción...)

ITINERARIOS LECTORES

Indicar se son lecturas obrigatorias ou optativas e comunicar ao responsable da Biblioteca os exemplares que deben adquirirse.

Unha táboa por materia e nivel

TÍTULO	AUTOR	UBICACIÓN NA BIBLIOTECA		

Como se vai valorar na cualificación da materia.

UTILIZACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

Participación nas actividades da Biblioteca, deseño de proxectos que impliquen o uso dos seus fondos e espazos, formación de usuarios...

7. PRAZOS DE EXECUCIÓN E REVISIÓN

- O Proxecto Lector nace como unha ferramenta para marcar a acción educativa a medio prazo. Ten unha validez de catro anos nas súas liñas xerais, aínda que na última CCP de cada curso poderán ser presentadas propostas de modificación e mellora.
- Os plans lectores dos Departamentos e o proxecto da Biblioteca, que conforman o Plan anual de lectura serán revisados na última CCP de cada curso para permitir a incorporación de posibles cambios nas programacións didácticas e na programación xeral do noso centro.

8. AVALIACIÓN DO PROXECTO: CRITERIOS E INSTRUMENTOS

A avaliación dun proceso tan complexo e dilatado como é a formación lectora resulta difícil, porque as melloras, de se produciren, non se manifestan de xeito contundente dun día para outro e porque, se non se acadan os logros agardados, non resulta doado establecer en que nivel se produce a carencia.

CRITERIOS:

- Interese espontáneo pola lectura de alumnos e alumnas.
- Complexidade das lecturas realizadas libremente polo alumnado.
- Nivel de comprensión e reflexión sobre os textos.
- Nivel de competencia no manexo da información.
- Nivel de competencia no uso oral e escrito das linguas.
- Nivel de experiencia lectora acumulada.

INSTRUMENTOS

- Estatísticas de préstamo da biblioteca.
- Enquisas sobre intereses lectores realizadas desde a HORA DE LECTURA.
- Informe do profesorado encargado da HORA DE LECTURA.
- Enquisa anual aos equipos docentes sobre a competencia lectora do alumnado.
- Resultados das avaliacións nas área de linguas.

¿Cómo? ¿Para saber qué dice un libro debéis leer otros?

-A veces es así. Los libros suelen hablar de otros libros. A menudo un libro inofensivo es como una simiente, que al florecer dará un libro peligroso, o viceversa, es el fruto dulce de una raíz amarga (...)

Hasta entonces había creído que todo libro hablaba de las cosas, humanas o divinas, que están fuera de los libros. De pronto comprendí que a menudo los libros hablan de los libros, o sea que es casi como si hablasen entre sí. A la luz de esta reflexión, la biblioteca me pareció aún más inquietante. Así que era el ámbito de un largo y secular murmullo, de un diálogo imperceptible entre pergaminos, una cosa viva, un receptáculo de poderes que una mente humana era incapaz de dominar, un tesoro de secretos emanados de innumerables mentes, que habían sobrevivido a la muerte de quienes los habían producido, o de quienes los habían ido transmitiendo.

Humberto Eco
"El nombre de la rosa"

Celanova, maio 2009
Revisión, xaneiro 2014